

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DA II EDICIÓ DO “CURSO DE SAÚDE LABORAL E CONDICIÓN DE TRABALLO”.

Santiago de Compostela, na data da última sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha banda, dona Cristina Fabeiro Varela , con DNI 32838635V, secretaria e presidenta en funcións do Consello Galego de Relacións Laborais, nomeada mediante orde do 7 de maio de 2021, (DOG núm. 92, do 19 de maio de 2021), da Conselleira de Emprego e Igualdade, que actúa en nome e representación do citado organismo, en virtude das facultades que lle confire a Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais (DOG núm. 112, do 11 de xuño de 2008).

E doutra banda, don Antonio López Díaz, Sr. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC) nomeado segundo Decreto 35/2022, de 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo de 2022), actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades que lle confiren os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro (DOG núm. 29, do 12 de febreiro de 2014).

Ambas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e recoñécense reciprocamente capacidade xurídica de contratar e de obrigarse nos termos do presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que consideran necesario colaborar na realización da segunda edición do curso de formación en “Saúde laboral e condicións de traballo”, por entender as dúas institucións da necesidade de continuar coa formación nesta disciplina.

Segundo.- Que o Consello Galego de Relacións Laborais acordou en xuntanza da Comisión Permanente do 22 de xaneiro de 2024, a realización da II edición do Curso de formación en “Saúde laboral e condicións de traballo”, co obxecto de afondar nas técnicas e contidos substantivos da Saúde laboral e condicións de traballo.

Terceiro.- Que de conformidade co establecido nos artigos 19.4.a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento que establecen a concesión directa das subvencións previstas de forma nominativa nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, resólvese, a concesión directa á Universidade de Santiago de Compostela da subvención regulada neste convenio, nos termos recollidos neste e na normativa reguladora destas subvencións.

Cuarto.- Que a Universidade de Santiago de Compostela se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, que non obtivo outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien este curso e que non incorre en ningunha das circunstancias contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para poder obter a condición de beneficiaria de axudas ou subvencións.

Quinto.- Que ao existir unha plena coincidencia entre as partes asinantes nos obxectivos perseguidos, así como a vontade de unir esforzos e colaborar nos seus respectivos ámbitos de actuación, acordan asinar este convenio, e facelo con base nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización da II edición do curso de formación en “Saúde laboral e condicións de traballo”, conforme ao Regulamento de Estudos Propios e Formación Permanente aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela o 30 de marzo de 2023, e que se desenvolverá desde o mes de marzo (día 13) ao mes de maio (día 21) do ano 2024, en datas que concretará o equipo organizador, na modalidade presencial.

Segunda.- A Universidade de Santiago de Compostela e o Consello Galego de Relacións Laborais ofertan unha segunda edición deste Curso conscientes da demanda social neste eido, tendo como obxecto analizar e profundar no concepto de saúde laboral como un obxectivo transversal nas relacións laborais, así como a análise dos aspectos da organización do traballo e as condicións laborais que poden afectar directamente á saúde laboral, tanto dende un punto de vista psicolóxico, como técnico e legal.

Terceira.- As persoas destinatarias son estudantes e titulados en Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias do Traballo, Ciencias económicas e empresariais e Administración e dirección de empresas. Asemade, persoas responsables de recursos humanos, de prevención

de riscos laborais, xefes de relacións laborais, asesores e cadros das organizacións sindicais e empresariais.

Os temas que se impartirán durante a realización do curso son os que se relacionan no **Anexo I** a este convenio.

Para un óptimo aproveitamento do curso establécese un límite máximo de 40 participantes, que se seleccionarán pola dirección do curso, dos que ao menos vinte serán propostos polo Consello Galego de Relacións Laborais. O dito número podería incrementarse para o caso de que non se chegasen a cumprimentar as corenta prazas ofertadas. Respecto destes alumnos, a USC realizará os trámites de inscrición e matrícula, unha vez feita a proposta de alumnos por parte deste organismo.

O Consello Galego de Relacións Laborais financiará con 30€ a matrícula de cada un dos 20 participantes propostos. A cantidade total (600,00€) abonaráselle á Universidade de Santiago de Compostela unha vez rematado o prazo de matrícula, mediante transferencia desde a aplicación orzamentaria 13.B1.324A.444.12. O dito importe será computado á marxe da subvención regulada neste convenio para o funcionamento do curso. Este importe non cobre os prezos públicos por expedición de certificacións en formato electrónico, que será abonado por cada estudante matriculado.

Outorgaráselles ás persoas participantes no curso que o superen e demostren unha asistencia superior ao 80% das unidades docentes impartidas e realicen adecuadamente as tarefas propostas polo profesorado, unha certificación en formato electrónico acreditativa, conforme ás normas establecidas a tal efecto pola Universidade de Santiago de Compostela.

Cuarta.- Encoméndase a dirección do curso a dona Silvia Moscoso Ruibal, Vicedecana da Facultade de Relacións Laborais da USC e a coordinación a dona Alejandra Martínez González, Profesora Doutora da Facultade de Relacións Laborais da USC.

Quinta.- O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento deste *Curso de formación en "Saúde laboral e condicións de traballo"* mediante a achega de DEZASETE MIL CATROCENTOS EUROS (17.400,00€), con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, aplicación orzamentaria 13.B1.324A.444.12, denominada "Subvención á Universidade de Santiago de Compostela para curso formativo", existindo crédito axeitado e suficiente segundo certificación expedida pola secretaria do organismo, que se xunta a este convenio como Anexo II.

A antedita contribución poderase librar do seguinte xeito:

Mediante pagamentos a conta, por contía equivalente á xustificación presentada, que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, ata o 80% do financiamento aportado polo Consello Galego de Relacións Laborais. A xustificación destes pagamentos farase mediante certificación detallada acreditativa dos gastos realizados, expedida polo órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

O importe restante librarase unha vez cumprido o establecido na cláusula sexta.

Sexta.- A Universidade de Santiago de Compostela, unha vez rematadas as actividades derivadas do curso obxecto do convenio, e, como data límite o 11 de decembro de 2024 xustificará a totalidade da contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais, mediante certificación detallada e relación de facturas acreditativas dos gastos realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido, de conformidade co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A antedita certificación será expedida polo órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Coa contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais poderanse financiar os conceptos de gasto seguintes:

- Organización, coordinación e dirección do curso.
- Honorarios de profesorado e relatores.
- Gastos de desprazamento dos relatores e relatoras e do seu aloxamento, de ser o caso.
- Gastos de material de imprenta, do aluguer de medios audiovisuais e demais necesarios para o bo funcionamento do curso, así como o pago dos seguros correspondentes aos alumnos propostos polo Consello Galego de Relacións Laborais.
- Custos indirectos da Universidade de Santiago de Compostela, ao abeiro do establecido no Regulamento de Estudos Propios da Universidade de Santiago de Compostela aprobado polo consello de goberno o 30 de marzo de 2023 e no recollido nos Orzamentos da USC para o ano 2024. Dos ingresos financiados en concepto de matrícula, aplicarase o 83% para a financiación da actividade, o 15% corresponderá aos costes indirectos da USC e o 2% corresponderá aos costes indirectos do Departamento ou Centro da USC organizador do curso. Dos ingresos realizados en concepto de financiamento da actividade, aplicarase o 85% para a financiación da mesma e o 15% corresponderá aos costes indirectos de carácter xeral da USC.

O importe dos custos indirectos terá a consideración de pagamento a conta, polo que o importe restante, pendente de xustificación pola Universidade de Santiago, será aboado como se establece nas cláusulas quinta e sexta do presente convenio.

No suposto de que os gastos que se xustifiquen fosen inferiores ao financiamento acordado, deducirase do pagamento final a parte non xustificada.

A Universidade de Santiago de Compostela presentará, no momento da finalización do período de xustificación, unha declaración complementaria á que se contén no expoñendo cuarto deste convenio, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para a mesma finalidade das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como unha memoria descritiva do contido das accións desenvolvidas e dos resultados acadados, na que conste, entre outras, a relación e características dos participantes, e a súa valoración sobre o curso.

O Consello Galego de Relacións Laborais resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do gasto e, en concreto, a que acredite o pagamento das facturas relacionadas xunto á certificación.

Sétima.- A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda concedida.

Oitava.- A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración orzamentaria do Consello Galego de Relacións Laborais, para o que respectando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia, utilizará o logo do CGRL, organismo outorgante da subvención. A realización do curso tamén implicará que a Universidade beneficiaria da subvención asuma as obrigas enumeradas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A entidade beneficiaria deberá, igualmente, dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Novena.- A Universidade de Santiago de Compostela, de conformidade co establecido na disposición adicional única do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, presta o seu

consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos relevantes do convenio no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios que se regulan en dito decreto.

Décima.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, poderá dar lugar á súa modificación e ao reintegro das cantidades percibidas.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Undécima.- A subscrición deste convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o Consello Galego de Relacións Laborais, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

Duodécima.- Este convenio de colaboración terá natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas; polos preceptos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e polo establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para o seguimento da súa execución e o coñecemento de calquera discrepancia que poida xurdir sobre a súa interpretación, crearase unha Comisión Mixta, integrada por unha representación designada por cada unha das partes asinantes do convenio. No caso de que a discrepancia verse sobre cuestións que se refiran exclusivamente á subvención, se persistira, será resolta pola presidencia do Consello Galego de Relacións Laborais e a súa resolución, que porá fin á vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décima terceira.- As partes manifestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 e conforme ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de *Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio e non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obrigação legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

As partes autorizan a que os seus datos persoais consten no convenio, e mailo resto das especificacións nel contidas e a que podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Santiago de Compostela, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Décima cuarta.- O Consello Galego de Relacións Laborais poderá realizar actuacións de comprobación, en calquera momento, sobre a execución material das accións obxecto do convenio.

Décima quinta.- O incumprimento de calquera das cláusulas que regulan este convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

Décima sexta.- Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, sen prexuízo de que serán obxecto de subvención as actividades que se desenvolverán desde o inicio do curso, de conformidade co establecido no artigo 2.1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Lido por ambas as dúas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no convenio, asínano e rubrícano por duplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

A secretaria e presidenta en funcións
do Consello Galego de Relacións Laborais

O reitor da Universidade de
Santiago de Compostela

Cristina Fabeiro Varela

Antonio López Díaz

ANEXO I : PROGRAMA DO CURSO

Directora: Silvia Moscoso Ruibal

Coordinadora: Alexandra Martínez Gómez

Datas: 13, 14, 19, 21 de marzo (16:00 a 20:30 horas)

2, 4, 10*, 11, 16, 18, 23, 25, 30 de abril (16:00 a 20:30 horas)

2, 7, 8*, 15*, 16, 21 de maio (16:00 a 20:30 horas)

*O curso sería os martes e xoves, agás os marcados con asteriscos que son mércores.

Número de participantes: 40

Desenvolvemento da docencia:

- Sesións con contidos teóricos combinados con exercicios prácticos.
- Talleres de adquisición de competencias.

CONTIDO E DOCENTES:

1. Inauguración (13 de marzo).

Antía Sánchez Callejo. Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais.

Silvia Moscoso Ruibal. Directora do da Facultade de Relacións Laborais

Conferencia inaugural.

Representante do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST)

2. Saúde laboral, benestar e condicións de traballo (14 de marzo).

Análise do concepto de saúde laboral e a súa relevancia para o traballador e a organización.

Docente: Javier Cantera. Presidente de Auren Consultores.

3. Riscos psicosociais: estrés laboral, burnout e tecnoestrés (19 de marzo).

Análise dos seus efectos na saúde dos traballadores e nos resultados organizacionais.

Docente: Dámaris Cuadrado González. Profesora doutora de Psicoloxía do Traballo.

Universidade de Santiago de Compostela.

4. Regulación xurídica dos riscos psicosociais (21 de marzo).

Novedades xurídicas na regulación dos riscos psicosociais e a saúde ocupacional.

Docente: Silvia Fernández Martínez. Profesora doutora de Dereito do Traballo.

Universidade de Santiago de Compostela.

5. Tempo de traballo e saúde laboral: flexibilidade e conciliación (2 de abril).

Análise de tódolos aspectos que teñen que ver co tempo de traballo (xornada, pausas...), centrándose na flexibilidade e conciliación e a súa relación coa saúde laboral dende unha perspectiva xurídica.

Docente: Silvia Fernández Martínez. Profesora doutora de Dereito do Traballo. Universidade de Santiago de Compostela.

6. Prevención e avaliación da saúde laboral nas organizacións (4 de abril).

Medidas para a prevención e métodos de avaliación.

Docentes:

Adela Quinzá-Torroja García. Directora ISSGA.

Nieves Lorenzo Espeso. Xefa da Area Técnica de Medicina do Traballo, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada no ISSGA.

7. O absentismo laboral (10 de abril).

Abordar o absentismo laboral dende una perspectiva multidisciplinar. Modelo explicativo, factores causais e medidas preventivas.

Docente: José Manuel Vicente Pardo. Director da Cátedra Internacional de Medicina Evaluadora, Pericial e Laboral. Universidad Católica San Antonio de Murcia. UCAM. Xefe da Unidade Médica Equipo Valoración Incapacidades INSS Gipuzkoa.

8. Valoración da incapacidade laboral temporal e permanente (11 de abril).

A incapacidade como indicador de saúde laboral. Aspectos preventivos da incapacidade laboral. A incapacidade laboral, risco moral e risco laboral. Valoración da continxencia laboral.

Docente: José Manuel Vicente Pardo. Director da Cátedra Internacional de Medicina Evaluadora, Pericial e Laboral. Universidad Católica San Antonio de Murcia. UCAM. Xefe da Unidade Médica Equipo Valoración Incapacidades INSS Gipuzkoa.

9. Taller. Mindfulness (16 abril).

Métodos para facilitar o desenvolvemento e a incorporación da capacidade de mainfulness no ámbito laboral. Estratexias para a redución do estrés, mellora da concentración e incremento do benestar emocional.

Docente: Javier Cantera. Presidente de Auren Consultores (xunto con outro docente da consultora, que está por determinar).

10. O teletraballo (18 de abril).

Concepto, organización e regulación. Implicacións en materia de saúde ocupacional, dereitos dos traballadores e obxectivos organizacionais.

Docente: Antonio León García-Izquierdo. Profesor Titular de Psicoloxía do Traballo e Director da Cátedra Asturias Prevención. Universidade de Oviedo.

11. Taller. Xestión do tempo (23 de abril).

Estratexias para a organización e optimización do tempo de traballo, das tarefas e dos recursos. Pautas para desenvolverse máis eficientemente no traballo. Beneficios para o benestar e a saúde laboral.

Docente: Marcos Lorenzo Calvo. Director de Crescit, Capital Humano.

12. Carga mental (25 de abril).

Concepto de carga mental. Factores determinantes e consecuencias sobre a saúde dos traballadores. Detección e Xestión da carga mental.

Docente. Estefanía Hernández Fernaud. Profesora Titular de Psicoloxía Social. Experta en Saúde Psicosocial e Seguridades Organizacional.

13. Taller. Xestión do estrés dende un enfoque individual. Desenvolvemento de competencias (30 de abril).

Mellora da saúde laboral mediante a adquisición e o desenvolvemento de competencias brandas esenciais para o desempeño no traballo.

Docentes:

Dámaris Cuadrado González. Profesora doutora de Psicoloxía do Traballo.

Universidade de Santiago de Compostela.

Inmaculada Otero Moral. Profesora doutora de Psicoloxía do Traballo. Universidade de Santiago de Compostela.

14. Taller. Xestión de conflitos (7-8 de maio).

Desenvolvemento de estratexias conductuais e emocionais na xestión de conflitos e procesos de negociación.

Docente: Francisco Medina Díaz. Catedrático de Psicoloxía Social. Universidade de Sevilla.

15. Capacidade de traballo e saúde laboral nas etapas finais da carreira e transicións ao retiro (15-16 de maio).

Análise e xestión dos factores implicados na actividade laboral e carreira dos traballadores maiores. Importancia do concepto de capacidade de traballo sostible. Decisións sobre o retiro, a prolongación da actividade e as transicións cara a xubilación e os seus efectos sobre o benestar psicosocial e a saúde deste colectivo de idade.

Docente: Carlos María de la Hera. Catedrático de Psicología dos grupo e das organización. Universidade Rey Juan Carlos.

16. Xornada de clausura (21 de maio).

Conferencia de clausura. Ponente por determinar.

Mesa redonda

Participantes: Axentes sociais

Moderadora: Cristina Fabeiro Varela

Clausura:

Antía Sández Callejo. Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais.

Silvia Moscoso Ruibal. Directora do curso

ANEXO II

CRISTINA FABEIRO VARELA secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais,

CERTIFICO

Que no orzamento do Consello Galego de Relacións Laborais para 2024 figura crédito na aplicación 13.B1.324A.444.12, que se considera axeitado e suficiente para satisfacer á Universidade de Santiago de Compostela o importe dos gastos ocasionados pola realización da II edición do curso de SAÚDE LABORAL E CONDICIÓNS DE TRABALLO, que terá lugar desde o 13 de marzo ao 21 de maio de 2024, nos termos establecidos no Convenio de colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Santiago de Compostela.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta certificación en Santiago de Compostela a 12 de febreiro de 2024.

FABEIRO VARELA
CRISTINA -
32838635V

Firmado digitalmente
por FABEIRO VARELA
CRISTINA - 32838635V
Fecha: 2024.02.12
11:50:33 +01'00'

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: CRISTINA FABEIRO VARELA, NIF ***3863**, 27/02/2024 12:13:57.

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 23/02/2024 19:02:18.

CSV: 9172-899C-4CB0-A9AD